

# Coñeces os Ciclos Formativos de Grao Básico?

Estes estudos forman parte das ensinanzas da Educación Básica e da Formación Profesional do sistema educativo. Están organizados en perfiles profesionais os cales permitirán adquirir as competencias profesionais básicas dunha determinada profesión así como o título de Graduado en Educación Secundaria.

## Cal é a súa duración?

A súa duración é de 2000 horas repartidas en 2 cursos académicos. Na modalidade de FP dual ata 3 cursos.

## Que titulación se acada e que saídas ten?

- Ao rematar obtense o **título profesional básico na especialidade correspondente**. Inclúe alomenos unha cualificación profesional básica completa de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- Adicionalmente, obterase o **título de graduado en educación secundaria obrigatoria**.
- Os alumnos e alumnas que finalicen os seus estudos sen obter o título de técnico básico, recibirán a **certificación académica dos módulos profesionais superados** que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

## Co título de Ciclo Básico poderase acceder a:

- Este título permite o acceso a **calquera ciclo formativo de grao medio**. En caso de que existan máis solicitudes de matrícula que prazas, aplicaranse criterios de preferencia para a admisión a certos ciclos de grao medio. [Ver enlace](#).
- **Inserción no mercado laboral de xeito cualificado**. O título de Ciclo Básico ten os mesmos efectos laborais que o título de ESO e capacita para levar a cabo funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais.
- **Certificados de profesionalidade de nivel 2 de cualificación profesional** da mesma familia profesional (Existen 5 niveis de cualificación profesional).
- Por obtención do título da ESO tamén se poderá acceder a **outras ensinanzas postobrigatorias**.

## CALES SON OS REQUISITOS PARA ACCEDER A UN CICLO DE FP BÁSICA?:

Hai que cumprir todos e cada un dos seguintes requisitos:

- Ter feitos os 15 anos ou facelos no ano de comezo do programa.
- Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.
- Ser proposto/a polo equipo docente.
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais.

De quedar prazas vacantes, completaranse os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que teñan 17, 18, 19 anos, ou 20 anos con independencia de que estivesen ou non escolarizados no curso anterior.
- Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.

## Que se estuda?

Os contidos dos ciclos de formativos de grao básico organízanse en tres ámbitos máis a sesión de tutoría semanal:

- **Ámbito profesional:** que incluírá unha serie de módulos profesionais que incluírán, alomenos, as unidades de competencia correspondentes a unha cualificación de nivel 1 do Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais. Un dos módulos incluídos neste ámbito será o de Formación en Centros de Traballo (FCT).
- **Ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais I e II,** que incluírá as seguintes materias: Lingua Galega, Lingua Castelá, Lingua estranxeira de Iniciación profesional e Ciencias Sociais.
- **Ámbito de Ciencias Aplicadas I e II,** que incluírá as seguintes materias: Matemáticas Aplicadas e Ciencias Aplicadas.

## A TUTORÍA SEMANAL:

Cada grupo contará cun titor/a e cunha hora de tutoría semanal onde se traballarán temas como por exemplo:

- Técnicas de estudo.
- Resolución de conflitos.
- Habilidades comunicativas.
- Traballo en grupo.
- Orientación académica e profesional.

## A AVALIACIÓN:

- Poderase permanecer cursando o ciclo durante catro anos.
- Poderase repetir unha soa vez cada un dos cursos.
- Para promocionar haberá que superar todos os ámbitos ou cando os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20 % do horario semanal, con todo, deberá matricularse dos módulos profesionais pendentes de primeiro curso.
- A avaliación realizarase por ámbitos e haberá dúas convocatorias anuais para a superación ámbitos pendentes.

## CALES SON OS PRAZOS DE ADMISIÓN? :

Os prazos do curso 2023/2024 son os que se sinalan a continuación:

- **Presentación de solicitudes:** Do 26 de xuño ó 6 de xullo ata as 13'00h.

*Neste prazo deberase entregar no centro de orixe o consentimento dos pais (en caso de ser menor de idade) de incorporación a un Ciclo Básico (anexo IV). De non entregaren este documento neste prazo, entenderase que os/as titulares da patria potestade ou representantes legais do alumnado non dan o consentimento de incorporación á formación profesional básica.*

- **Publicación da listaxe provisional de solicitudes:** 10 de xullo.
- **Reclamación á listaxe provisional de solicitudes:** Do 10 ó 12 de xullo ás 13'00h.
- **Publicación da listaxe definitiva de solicitudes:** 24 de xullo.
- **Publicación de adxudicación de prazos:** 24 de xullo.
- **Matrícula das persoas con praza adxudicada:** Desde o 24 de xullo.

## COMO E ONDE REALIZAR A INSCRICIÓN:

- **No caso de alumnado que estea a cursar ensinanzas da ESO** (que cumpre 15 ou 16 anos en 2023) que sexa proposto polo equipo docente para incorporarse a un ciclo de grao básico e que teña o consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais, será **o centro de orixe** o encargado de recoller e cargar os datos da solicitude de admisión na aplicación informática. O centro entregará un resguardo da solicitude ás persoas solicitantes e aos seus representantes legais.

Tras rematar a avaliación final da ESO e antes de que finalice o período de solicitude (6 de xullo), a **dirección do centro** de orixe deberá contactar cos titores legais deste alumnado para comunicarlle a proposta, entregarlle un exemplar do consello orientador (anexo II), obter o consentimento de incorporación ó Ciclo Básico (anexo III)

e entregarlle o documento de comunicación de incorporación ó ciclo básico (anexo IV).

- **No resto dos casos (alumnado que faga 17, 18, 19, 20 no 2023, independentemente de que estivera escolarizado ou non no curso anterior),** presentarán unha única solicitude de admisión, asinada pola persoa solicitante (se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais) segundo o [anexo I](#), no centro no que pretendan ser admitidos do 26 xuño ó 6 de xullo.
- **No caso de alumnado de Ciclo Básico repetidor, 1º ou de 2º curso, ou que promociona a 2º curso,** presentará unha solicitude no centro onde está matriculado no curso actual, do 26 de xuño ó 6 de xullo. A presentación da solicitude terá a condición de matrícula e este alumnado ten garantida a praza no seu centro e ciclo.
- **No caso de alumnado de Ciclo Básico que quere cambiar de centro ou ciclo.** Poden darse dous casos:

#### **COMO REALIZAR A MATRÍCULA:**

Logo de publicada a listaxe do alumnado admitido, os centros de destino comunicaranse con este alumnado para realizar as correspondentes matrículas a partir do 24 de xullo. Recoméndase consultar os listados de adxudicación e contactar co centro adxudicado a partir do 24 de xullo.

#### **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DAS PLAZAS:**

- En xeral o número de prazas por ciclo é de 18, das cales un 10% serán reservadas para o alumnos/as que teñan recoñecida unha discapacidade.
- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, no caso de existir maior número delas que de postos escolares dispoñibles, asignaranse as prazas conforme os seguintes criterios de prioridade:

1º Alumnado que cursase 2º de ESO.

2º Alumnado que cursase 3º de ESO.

3º Alumnado que cursase 4º de ESO.

- Dentro de cada grupo, ordenarase de menor a maior idade.
- En caso de empate entre varias persoas solicitantes por un mesmo posto escolar e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionaranse en virtude do sexo menos representado na área profesional en que se demande a praza de formación.

- Se logo de aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o procedemento e o resultado do sorteo que anualmente realiza a Consellería con competencias en educación para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- [Resultado do sorteo 2023.](#)

## **ABRE OS ENLACES E COÑECE OS 27 PERFILES PROFESIONAIS QUE ESTÁN REGULADOS:**

[\(ver enlace\)](#)

### **Administración e xestión**

CBADG01 - [Servizos administrativos](#)

### **Actividades físico deportivas**

CBAFD01 - [Acceso e conservación en instalacións deportivas](#)

### **Agraria**

CBAGA01 - [Agroxardinaría e composicións florais](#)

CBAGA02 - [Actividades agropecuarias](#)

CBAGA03 - [Aproveitamentos forestais](#)

### **Artes gráficas**

CBARG01 - [Artes gráficas](#)

### **Comercio e márketing**

CBCOM01 - [Servizos comerciais](#)

### **Electricidade e electrónica**

CBELE01 - [Electricidade e electrónica](#)

CBELE02 - [Instalacións electrotécnicas e mecánica](#)

### **Edificación e obra civil**

CBEOC01 - [Reforma e mantemento de edificios](#)

### **Fabricación mecánica**

CBFME01 - [Fabricación e montaxe](#)

CBFME02 - [Fabricación de elementos metálicos](#)

### **Hostalaría e turismo**

CBHOT01 - [Cociña e restauración](#)

CBHOT02 - [Aloxamento e lavandaría](#)

CBHOT03 - [Actividades de panadaría e pastalaría](#)

**Informática e comunicacións**

CBIFC01 - [Informática e comunicacións](#)

CBIFC02 - [Informática de oficina](#)

**Instalación e mantemento**

CBIMA01 - [Mantemento de vivendas](#)

**Imaxe persoal**

CBIMP01 - [Peiteado e estética](#)

**Industrias alimentarias**

CBINA01 - [Industrias alimentarias](#)

**Madeira, moble e cortiza**

CBMAM01 - [Carpintaría e moble](#)

**Marítimo-pesqueira**

CBMAP01 - [Actividades marítimo-pesqueiras](#)

**Servizos socioculturais e á comunidade**

CBSSC01 - [Actividades domésticas e limpeza de edificios](#)

**Téxtil, confección e pel**

CBTCP01 - [Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel](#)

CBTCP02 - [Tapizaría e cortinaxe](#)

**Transporte e mantemento de vehículos**

CBTMV01 - [Mantemento de vehículos](#)

CBTMV02 - [Mantemento de embarcacións deportivas e de recreo](#)

**Vidro e cerámica**

CBVIC01 - [Vidraría e olaría](#)